



Concello pola diversidade efectiva

Guía para a formación do persoal dos servizos públicos
municipais en atención á diversidade afectivo-sexual



Cofinanciado por
la Unión Europea

Este documento é unha guía, enmarcada no proxecto de solidariedade financiado pola Unión Europea a través do programa Corpo Europeo de Solidariedade, co número de referencia 2021-2-ES02-ESC30-SOL-000038998, e ten como obxectivo principal dar a coñecer o noso Proxecto “Concello pola diversidade efectiva”.

O equipo responsable da creación e desenvolvemento do Proxecto e da presente guía, confórmano as seguintes persoas:

Claudia Coello Rebollar

Juan Escalona Corral

Maite González Neves

Gonzalo Martínez Ramiro


Sara Silva Uris (*Transformando Realidades*)



Poden atopar máis información sobre este proxecto en:

<https://www.focoeuropa.com/portfolio/concello-pola-diversidade-efectiva/>

O proxecto "Concello pola diversidade efectiva" está cofinanciado polo programa Corpo Europeo de Solidariedade da Unión Europea. O contido desta guía é responsabilidade exclusiva de FOCO e nin a Comisión Europea, nin o Instituto da Mocidade de España (INJUVE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida



Contidos

1. Introducción	3
1.1 Fases do proxecto Concello Pola Diversidade Efectiva	4
2. Ofrecen os servizos públicos unha atención adecuada ás persoas LGTBIQ+?	7
2.1 Educación e cultura	11
2.2 Saúde e Benestar	12
2.3 Administración e Servizos á Cidadanía	14
2.4 Outras Necesidades	15
3. Obradoiros e Actividades	16
3.1 Planificación dos Obradoiros	17
3.1.1 Obradoiro para ensino: Educación Infantil e Educación Primaria	17
3.1.2 Obradoiro para ensino: Educación Secundaria	18
3.1.3 Obradoiro para Clubes e Asociacións Deportivas	19
3.1.4 Obradoiro para Persoal do Concello	20
3.1.5 Recomendacións para a Biblioteca Municipal	21
3.2 Actividades	22
3.2.1 Un paso adiante	22
3.2.2 Recursos para o ensino	25
3.3 Entidades que participaron neste proxecto	26





1. INTRODUCCIÓN



O noso Proxecto “*Concello Pola Diversidade Efectiva*”, ten como obxectivo principal o estudo das necesidades da mocidade LGTBIQ+ para asentarse en poboacións de pequeno e mediano tamaño, como o Concello de A Guarda, realizando accións formativas e de difusión para satisfacer ditas necesidades.

Este Proxecto europeo, contribúe polo tanto a tentar frear o éxodo da mocidade LGTBIQ+ ás grandes urbes, como poden ser Madrid ou Barcelona, debido a que non identifican o seu municipio como un lugar seguro e adaptado ás súas necesidades.

1.1 FASES DO PROXECTO CONCELLO POLA DIVERSIDADE EFECTIVA

O Proxecto atópase dividido en catro bloques e sete fases, todas elas, distribuídas da seguinte maneira:

Preparación: Fase 1.

Implementación: Fases 2, 3 e 5.

Avaliación: Fases 4 e 7.

Difusión dos resultados: Fase 6.

A continuación, móstranse os avances, a planificación e a organización levadas a cabo en cada unha das fases:




FASE 1. Preparación: Desenvolvemento do plan de traballo. A distribución das tarefas entre as persoas participantes no Proxecto. Establecemento da metodoloxía de traballo. Realización da avaliación inicial centrada nos coñecementos previos da temática por parte de cada compoñente do equipo.

FASE 2. Estudo de necesidades: Nesta fase creouse unha enquisa para obter unha imaxe de cal é a situación do colectivo LGTBIQ+ na Guarda, algo que foi complementado por un *focus group*¹ para obter información cualitativa.

FASE 3. Deseño e implementación das accións formativas: Procedeuse ó esbozo dunha serie de accións formativas e informativas adaptadas a cada un dos grupos que se analizaron na fase 1, empregando metodoloxías non formais.

Como exemplos destas accións formativas son: formación específica sobre maiores LGTBIQ+ para Residencias de maiores; delitos de odio e protección das minorías para a policía local; prevención e detección de necesidades no ámbito deportivo e educativo... Unha vez se deseñaron estas accións, foron implementadas con cada un dos grupos no Concello de A Guarda.

¹ Un *focus group* é unha técnica de investigación na que un grupo pequeno de persoas se reúne para discutir e dar a súa opinión sobre un tema específico. O obxectivo é obter información detallada sobre as opinións, actitudes e comportamentos dos participantes.




FASE 4. Avaliación das accións formativas: Valoración das actividades realizadas e análise do seu impacto. Para elo, empregáronse indicadores tanto cualitativos como cuantitativos.


FASE 5. Desenvolvemento da guía de recomendacións e boas prácticas: Tanto o estudo de necesidades, como as accións deseñadas e realizadas, atópanse incluídos na presente guía de recomendacións, para que outros municipios ou entidades sen ánimo de lucro poidan replicar as actuacións implementadas.

FASE 6. Difusión dos resultados: Un aspecto clave do proxecto foi a difusión das accións e resultados do mesmo, para poder mostrar Á Guarda coma un Concello aberto, acoledor e seguro para as persoas LGTBIQ+, paliando así a fuga da xuventude en dirección a grandes urbes, a miúdo identificadas como máis LGTBIQfriendly.

Por outra banda, esperamos que estes resultados axuden a inspirar que outros municipios tomen accións similares, facendo un énfase especial no resto de concellos do Baixo Miño, para fomentar sinerxias, e crear así unha ampla rede de municipios pola diversidade LGTBIQ+.

FASE 7. Avaliación final do proxecto: Compararanse os obxectivos definidos na avaliación inicial para poder valorar o éxito xeral do proxecto.





**2. OFRECEN OS SERVIZOS PÚBLICOS UNHA
ATENCIÓN ADECUADA ÁS PERSOAS LGTBIQ+?**



Durante os meses de Abril e Maio de 2022, realizouse unha enquisa destinada á poboación moza da localidade. Recabáronse diversas experiencias, das cales, 24 pertencían ás persoas do colectivo LGTBIQ+.

A esta enquisa súmanse os testemuños obtidos a través dun *Focus Group* con persoas LGTBIQ+.

Os resultados incluídos e analizados neste informe, reflicten experiencias das persoas participantes e mostran tendencias e problemáticas específicas relacionadas con diferentes servizos públicos da localidade de A Guarda.

O obxectivo desta investigación é o de avaliar en que áreas, os servizos públicos, ofrecen unha atención adecuada, respectuosa e adaptada ás necesidades de persoas non cis-hetero-normativas, é dicir, daquelas persoas que non cumpren cos patróns de xénero e sexualidade entendidos como normativos.

Facemos unha definición ampla do que é un servizo público, baseándonos na vocación de tales servizos. Por exemplo, os clubs deportivos, a pesar de ser entidades privadas, foron incluídos nesta investigación debido á importancia que teñen na saúde tanto física como mental da cidadanía como pola súa implantación no concello.

Estes clubs chegan á súa vez a un gran número de persoas.





Atopámonos polo tanto, con servizos de diferente titularidade: Xestión Pública (dependentes do Concello da Guarda, a Xunta de Galicia ou o Goberno de España) e de titularidade privada Xestión Privada.

Esta investigación levouse a cabo en A Guarda, un municipio de máis de 10.000 habitantes, pertencente á comarca do Baixo Miño. Os resultados poden ser extrapolables a outros municipios, tanto de Galicia coma do resto de España, cunha poboación e servizos similares.

Como resultado desta enquisa, organizamos actividades formativas cos servizos públicos relevantes para solucionar as carencias que a continuación se desenvolven.


As preguntas da enquisa están dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://www.focoeuropa.com/wp-content/uploads/2023/01/Enquisa-sobre-diversidade-LGTBI-na-Guarda-e-o-Baixo-Mino.pdf>




Na enquisa obtivemos 24 respostas de persoas LGTBIQ+ vivindo en A Guarda ou nos concellos adxacentes de O Rosal (unha persoa) ou Oia (catro persoas). Tamén persoas natis de A Guarda, que viven noutros lugares da xeografía española, como Madrid ou Barcelona (dúas persoas respectivamente).

Segundo a súa idade, as persoas participantes na enquisa quedan divididas do seguinte xeito:



Segundo o seu xénero, quedan representadas así:




19 persoas identificáronse como cis e outras 4 como trans. Segundo a súa orientación sexual, 14 identificáronse como bisexual (58,3%), 8 como homosexual (33,3%) e 2 como pansexual (8,3%).

2.1 EDUCACIÓN E CULTURA

A maioría das persoas (o 66,6%) compartiron que na educación sexual que recibiron, a diversidade LGTBIQ+ non estaba presente, fronte ao 33,3% que afirmouno. Porén, só 4 das 8 persoas que afirmaron recibir esta educación sexual o fixeron no centro de ensino, e as catro restantes a recibiron por outros medios.

Ademais, o 25% dos participantes da enquisa, un total de seis, afirmaron haber sufrido *bullying* LGTBIQfóbico na escola ou instituto, e tres máis responderon “non sei” a esta pregunta. A media de idade das persoas ue sufriron acoso por motivos de orientación ou identidade de xénero é de 21,5 anos. Isto quere dicir, que este problema está lonxe de ser resolto, xa que aínda se dan casos deste tipo de acoso nos centros escolares guardeses.

Persoas que afirman haber sufrido bulling LGTBIQfóbico



■ Si ■ Non ■ Non Sei

11

Mentres que soamente unha pequena parte dos enquistados, catro, afirmaron acudir á biblioteca buscando información sobre diversidade afectivo-sexual, un número moito maior, 15 persoas, ou o que é o mesmo, o 62%, afirmou acudir a outras fontes, e principalmente, á rede.


Estas catro persoas mencionadas anteriormente, citaron tamén a necesidade de contar con máis fondos e visibilidade para a temática da diversidade afectivo-sexual dentro do espazo da biblioteca; puntualización que o noso equipo comparte e polo que faremos chegar esta petición ao Concello Guardés.

2.2 SAÚDE E BENESTAR

Das 24 persoas participantes nesta enquisa, ningunha contestou estar “fóra do armario” co seu médico. Á resposta a, “*É o teu médico consciente da túa identidade de xénero ou orientación sexual?*”, o 75% contestou “Non”, e o 25% restante “Non sei”.

Porén, hai persoas LGTBIQ+, un 8%, que acoden ao médico por cuestións relacionadas coa súa saúde sexual, ou na que a súa identidade de xénero ou orientación sexual foi relevante, ou preocúpalles algo relacionado coa súa identidade de xénero ou orientación sexual, o 25% dos participantes na enquisa.





Respecto á práctica deportiva, a maioría das persoas enquisadas, 17 das 24, non participan en actividades, clubs ou organizacións deportivas, e tódalas persoas que participan nestas actividades, son mulleres.

Fronte a estas 7 persoas que si participan en clubs deportivos, a metade das persoas que cumprimentaron a enquisa compartiron facer prácticas deportivas en ximnacios ou na piscina. É dicir, máis da metade das persoas LGTBIQ+, o 62,5%, fan exercicio, pero a maioría decide facelo individualmente.




2.3 ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS Á CIDADANÍA

Respecto a adaptación á diversidade da administración, aínda hai pasos que dar.

O 29% tivo problemas para encher algún formulario onde tivo que reflectir a súa identidade de xénero ou orientación sexual. Os dous tipos de documentos máis comúns son os documentos oficiais (documentos rexistrados, solicitudes, formularios...) á hora de reflectir as realidades trans e algúns formularios nos centros de educación.

Ademais, outro o 29% das persoas enquisadas tamén recibiron algún certificado ou volante nos que a súa identidade de xénero ou orientación sexual non se reflectiu correctamente, tanto en documentos oficiais coma nos expedidos no xulgado de paz.


Respecto aos corpos de seguridade do estado, un 12,5% das persoas que participaron na enquisa, expresaron haber tido algún incidente relacionado coa súa orientación sexual ou identidade de xénero, e, as tres, ao acudir á policía ou garda civil, compartiron que a experiencia non foi doada, cunha falta de atención clara a diversidade, chegando a causar ansiedade nalgúns persoas LGTBIQ+.



2.4 OUTRAS NECESIDADES

As persoas LGTBIQ+ que completaron esta enquisa, compartiron as seguintes necesidades para poder desenvolver a súa vida na Guarda, e establecerse no futuro no concello:

- Maior oferta cultural e de ocio. Máis inclusiva.
- Maiores oportunidades educativas e laborais.
- Unha maior concienciación da cidadanía.
- Un maior compromiso por parte das administracións públicas.
- Espazos seguros para envellecer.
- Redes de apoio.
- Mellor servizo sanitario.
- Melloras comunicacións de transporte.





3. OBRADOIROS E ACTIVIDADES



3.1 PLANIFICACIÓN DOS OBRADOIROS

3.1.1 OBRADOIRO PARA ENSINO: EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

Resumo do contido do obradoiro do proxecto Concello pola diversidade efectiva.

Este obradoiro ten os seguintes **obxectivos**:

- Dar a coñecer as diversas realidades que podemos atopar dentro do colectivo LGTBIQ+.
- Reflected sobre como o traballo no ensino afecta ás persoas LGTBIQ+.
- Aprender a identificar situacións de acoso LGTBIQfóbico.
- Compartir experiencias, ideas, e boas prácticas do noso traballo con persoas LGTBIQ+.
- Compartir recursos sobre o colectivo LGTBIQ+.

O formato do obradoiro foi o seguinte:

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Data e hora: 24 de novembro de 2022, ás 17:00h.

Lugar: Aula multiusos do Concello da Guarda (Praza do Reló, 1).

Estrutura:

1. Benvida aos participantes e presentación do obradoiro e do proxecto.
2. Sexo, xénero e orientación sexual. Definición e conceptos básicos.
3. Como traballamos a diversidade no noso centro.
4. Compartindo recursos (compartiremos recursos que se poden usar directamente na aula)
5. Conclusións e peche da actividade.



3.1.2 OBRADOIRO PARA ENSINO: EDUCACIÓN SECUNDARIA

Resumo do contido do obradoiro do proxecto Concello pola diversidade efectiva

Este obradoiro ten os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer as diversas realidades que podemos atopar dentro do colectivo LGTBIQ+.
- Reflected sobre como o traballo no ensino afecta ás persoas LGTBIQ+.
- Aprender a identificar situacións de acoso LGTBIQfóbico.
- Compartir experiencias, ideas, e boas prácticas do noso traballo con persoas LGTBIQ+.
- Distribución de recursos: Posteriormente, compartíronse recursos para utilizar directamente na aula.

O formato do obradoiro foi o seguinte:


Duración: 1 hora e 30 minutos.

Data e hora: 1 de decembro de 2022, ás 17:00h.

Lugar: Aula multiusos do Concello da Guarda (Praza do Reló, 1).

Estrutura:

1. Benvida aos participantes. Presentación do obradoiro e do proxecto.
2. Sexo, xénero e orientación sexual e identidade de xénero. Definición e conceptos básicos.
3. Como traballamos a diversidade no noso centro.
4. Como identificar o acoso LGTBIQ+.
5. Distribución de recursos: Posteriormente, compartíronse recursos para utilizar directamente na aula.
6. Conclusións e peche da actividade.



3.1.3 OBRADOIRO PARA CLUBES E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

Resumo do contido do obradoiro do proxecto Concello pola diversidade efectiva.

Este obradoiro ten os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer as diversas realidades que podemos atopar dentro do colectivo LGTBIQ+.
- Reflectir sobre como o deporte afecta ás persoas LGTBIQ+.
- Compartir experiencias, ideas, e boas prácticas do noso traballo con persoas LGTBIQ+.
- Compartir recursos sobre o colectivo LGTBIQ.

O formato do obradoiro será foi seguinte:


Duración: 1 hora e 30 minutos

Data e hora: 26 de novembro de 2022, ás 12:00h.

Lugar: Aula multiusos do Concello da Guarda (Praza do Reló, 1).

Estrutura:

1. Benvida aos participantes. Presentación do obradoiro e do proxecto.
2. Sexo, xénero e orientación sexual.
3. Un paso adiante: Dinámica para comprender a realidade das persoas LGTBIQ+.
4. A diversidade nos servizos públicos: Choiva de ideas para ter máis en conta a diversidade LGTBIQ+ na práctica deportiva.
5. Conclusións e peche da actividade.



3.1.4 OBRADOIRO PARA PERSOAL DO CONCELLO

Resumo do contido do obradoiro do proxecto Concello pola diversidade efectiva.

Este obradoiro ten os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer as diversas realidades que podemos atopar dentro do colectivo LGTBIQ+.
- Reflectir sobre como o deporte afecta ás persoas LGTBIQ+.
- Compartir experiencias, ideas e boas prácticas do noso traballo con persoas LGTBIQ+.
- Compartir recursos sobre o colectivo LGTBIQ+.

O formato do obradoiro foi o seguinte:

Duración: 1 hora e 30 minutos.

Data e hora: 26 de Novembro de 2022, ás 12:00h.

Lugar: Salón de plenos do Concello da Guarda (Praza do Reló, 1).

Estrutura:

1. Benvida ás persoas participantes. Presentación do obradoiro e do proxecto.
2. Sexo, xénero e orientación sexual.
3. Un paso adiante: Dinámica para comprender a realidade das persoas LGTBIQ+.
4. A diversidade nos servizos públicos: Choiva de ideas para ter máis en conta a diversidade LGTBIQ+ na atención ao público.
5. Conclusións e peche da actividade.




3.1.5 RECOMENDACIÓNS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL

Na biblioteca de A Guarda soamente traballa unha persoa, polo que non se considerou oportuno levar a cabo un obradoiro como tal, senón que se lle deron unha serie de recomendacións a dita traballadora, que lle servirán para aumentar o seu material educativo persoal en formato dixital.

Cabe destacar, que a representación de personaxes LGTBIQ+ aínda é escasa na biblioteca, a pesar de que algunhas das lecturas máis solicitadas teñan personaxes diversos, como, por exemplo, a serie de libros *Heartstopper*.

Ademais, fomos conscientes de que os poucos exemplares de literatura relacionada coa diversidade sexual e de xénero, tiñan pouca visibilidade no espazo da biblioteca, a pesares de que nesta, xa tiñan a seguinte listaxe cos seus exemplares dispoñibles:

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-shelves.pl?op=view&shelfnumber=8961>




3.2 ACTIVIDADES

3.2.1 UN PASO ADIANTE

Nesta actividade, as persoas participantes asumen un rol dado e avanza en función das súas posibilidades e oportunidades na vida.

Para desenvolver a actividade, seguimos os seguintes pasos:


1. Entrega a cada persoa participante dun papel cun rol determinado.
2. Pídese ás persoas participantes que imaxinen como é a vida desa persoa. Algunhas preguntas que poden axudarnos a meternos no papel, son:
 - a. Como foi a túa infancia? En que tipo de casa viviches? A que xogabas? Que traballos tiñan na túa familia?
 - b. Como é a túa vida diaria? Onde socializas? Que fas pola mañá, pola tarde, pola noite?
 - c. Que estilo de vida tes? Onde vives? Canto diñeiro gañas ao mes? A que adicas o teu tempo libre? Que acostumas facer nas túas vacacións?
 - d. Que che emociona? Que temes?
3. Tódolos participantes sitúanse en liña recta nun extremo da aula.
4. Explícase que se procederá á lectura dunha listaxe de situacións ou acontecementos. Cada vez que poidan contestar “si” á unha das situacións, deberán dar un paso adiante. No caso contrario, deberán permanecer no lugar onde se atopan, e polo tanto, non poderán moverse.
5. Lectura das situacións de unha en unha, sendo un dato importante, facer unha pausa entre elas. Deste xeito, dámoslle tempo ás persoas a poñerse na pel do seu personaxe; co que pretendemos propiciar que ese paso ao fronte, sexa de maneira consciente, podendo observar ao mesmo tempo, se as persoas do seu redor avanza, quedan quietos, se outros participantes quedaron moi lonxe... comparando así, as posicións dos demais participantes.



6. Trala lectura da última pregunta, convidamos a tódolos participantes a fixarse nas distancias percorridas. Darémoslles un par de minutos para que saian do seu papel e fagan conxeturas mentais, antes de realizar a avaliación da actividade.
7. Finalmente, para poder realizar a avaliación desta actividade, compartimos cos participantes que as situacións propostas anteriormente, son vivencias persoais e circunstancias reais de cidadáns do Concello de A Guarda..

As tarxetas cos roles a repartir, son as seguintes:

Home heterosexual con dúas fillas	Muller lesbiana que traballa no supermecado Froiz
Home homosexual de 60 anos	Mozo homosexual estudando no instituto da Guarda
Muller trans nacida en Xixón	Moza trans estudando no instituto da Guarda
Home de 40 anos cun fillo trans	Home homosexual nacido en Colombia
Muller negra trans vivindo na Guarda e estudando un mestrado en Vigo	Mozo homosexual de orixe marroquí
Muller heterosexual traballando no centro de saúde	Home heterosexual que traballa en Citroën
Muller heterosexual colombiana que xoga nun equipo deportivo local	Persoa non binaria que está a estudar unhas oposicións



Situacións

Cando vou ao teatro sintome representada/o/e cos personaxes que aparecen na obra.

No vestiario do ximnasio non me sinto observada/o/e.

Cando dou un paseo coa miña parella, non teño medo a ser agredida/o/e ou insultada/o/e.

Acudo ao meu centro de traballo ou de estudos sen que me acosen.

Volvo a casa de festa sen medo a ser agredida/o/e sexualmente.

Cando vou á biblioteca atopo libros nos que me sinto identificada/o/e coas personaxes.

Volvo a casa de festa, sen medo a que me ataquen fisicamente.

Cando vou ao centro de saúde, asumen a miña sexualidade correctamente.

Se teño un problema, non teño medo en acudir á policía ou garda civil.


No meu certificado de voda, o meu xénero aparece escrito correctamente.



3.2.2 RECURSOS PARA O ENSINO


Presentación de Power Point

<https://www.focoeuropa.com/wp-content/uploads/2023/03/InformacionPrimariaSecundaria.pdf>



Dossier de recursos

<https://www.focoeuropa.com/wp-content/uploads/2023/03/DossierEducacion.pdf>



3.3 ENTIDADES QUE PARTICIPARON NESTE PROXECTO

Esta é unha listaxe das entidades que participaron nas actividades de formación:

- Concello da Guarda
- CIM - Centro de Información da Muller
- CEIP A Sangriña
- CEIP Manuel Rodríguez Sinde
- Colegio San José H.H Carmelitas
- Piscina Municipal de A Guarda
- A Guarda Hockey Liña
- Club de Remo Robaleira
- Biblioteca Municipal de A Guarda

